



---

GRUPO MUNICIPAL DE TEO

**MOCIÓN PARA DINAMIZAR E DEMANDAR O CUMPRIMENTO  
DO CONVENIO CONCELLO-SERGAS PARA A CONSTRUCCIÓN  
DUN CENTRO DE SAÚDE EN CACHEIRAS**

---

A saúde individual e comunitaria débese enfocar dende unha perspectiva bio-psico-social, incidindo dende o Concello en todos os aspectos que a condicionan: calidade de vida, situacións de exclusión social, equilibrio medio ambiental, infraestruturas, campañas de prevención, etc.

Na actualidade, os centros de Calo e Os Tilos, que dan servizo a menos do 50% dos veciños e veciñas de Teo, cumpren, tanto en persoal coma en infraestruturas, cuns mínimos básicos esixibéis (aínda que sexan susceptibéis dun bo número de melloras). Pola contra, as zonas de **Pontevea e Cacheiras presentan**, a pesar de ter máis do 50% das cartillas sanitarias do Concello, **graves deficiencias, tanto en persoal sanitario como en infraestruturas: Centros de saúde con importantes limitacións de espazo, nos que non se aplica o novo modelo coa conseguinte inexistencia de cita previa, do persoal administrativo necesario, etc.** Esta situación leva a que moitos veciños destas parroquias estén solicitando, como médico de primaria, a facultativos que exercen tanto en Calo coma nos Tilos, ou fóra do Concello. Estanse a criar deste xeito, cidadáns de primeira e cidadáns de segunda en canto á atención sanitaria recibida.

As cifras reflicten o descontento existente na cidadanía teense. Dos 15162 cidadáns con tarxeta sanitaria residentes no Concello, 3722 (28,2%) elixen como médico de atención primaria a algún facultativo que traballa nalgún centro de saúde de fóra do Concello de Teo. Polo tanto, **casi 3 de cada 10 teenses con tarxeta sanitaria elixen unha atención primaria de fóra do Concello (fundamentalmente en Ames ou Compostela).**

Por outra banda, **no ano 2003**, o Concello de Teo e o Servizo Galego de Saude (SERGAS), conscientes da necesidade de mellorar a cobertura asistencial á cidadanía teense, **asinaron un protocolo de colaboración para establecer as bases cara a futura construción dun novo centro de saúde en Montouto**. Nese protocolo, asinado nos días previos ás eleccións municipais do 2003, o Concello comprometéase a realizar os trámites oportunos para adoptar un acordo plenario que puxese a disposición do SERGAS os terreos necesarios para a construción do devandito centro. O SERGAS, pola súa parte, comprometéase, unha vez adoptado o acordo plenario, a contratar, dirixir e executar as obras de construción do novo centro de saúde con cargo aos seus orzamentos.

Sen entrar a valorar outras cuestións máis discutibéis do contido do protocolo (o Concello asume os gastos necesarios para dotar a parcela das infraestruturas básicas antes do inicio das obras; a xestión, mantemento e conservación do Centro corresponderá ao Concello, etc.) resulta evidente a

necesidade de aplicar o mesmo. Pasou máis dun ano e non se tomou ningunha decisión por parte do grupo de goberno tendente á cesión de terreos que permitisen a aplicación do protocolo. A situación urbanística non ten sufrido variacións dende entón, e nada xustifica a parálise e falta de iniciativas para mellorar as infraestruturas sanitarias do Concello, que ante o medre poboacional que está experimentando, semella unha bomba de relojería.

En consecuencia, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Creación dunha comisión mixta (Concello-SERGAS), con representación de todos os grupos municipais, para o desenvolvemento do protocolo (Comisión xa contemplada na sinatura do protocolo e que, nun ano, non se reuniu nin unha soa vez).
2. Iniciar os trámites e as consultas necesarias coas distintas administracións coa finalidade de que, antes de que remate o 2004, o Concello esté en condicións de ofertar os terreos necesarios para a construción do Centro de Saúde de Montouto (Cacheiras)
3. Convocar a unha mesa aberta a todas as partes implicadas na situación sanitaria do Concello (profesionais sanitarios, sindicatos, partidos políticos, tecido asociativo,...) coa finalidade de analizar a situación existente e propor medidas correctoras da mesma.

En Teo, a 14 de abril de 2004

Asdo.: Martiño Noriega Sánchez  
Portavoz Municipal do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO